

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA PROXECTOS DE  
COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO.  
ANO 2020/2021**

**CONTIDO**

PRELIMINAR.....	1
PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA, ORZAMENTO MÁXIMO E PRAZO.....	2
SEGUNDO: REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES.....	2
TERCEIRO: REQUISITOS DOS PROXECTOS.....	3
CUARTO: PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.....	4
QUINTO: DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA A TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES.....	4
SEXTO: CONDICIÓNS DE COFINANCIAMENTO E PAGO ANTICIPADO.....	6
SÉTIMO: GASTOS FINANCIABLES.....	7
OITAVO: GASTOS NON FINANCIABLES.....	11
NOVENO: OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA.....	12
DÉCIMO: SOBRE A XUSTIFICACIÓN.....	14
UNDÉCIMO: CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN DA SUBVENCIÓN E A SÚA PONDERACIÓN.....	17
DUODÉCIMO: AVALIACIÓN, RESOLUCIÓN, PUBLICACIÓN E ACEPTACIÓN.....	19
DECIMOTERCEIRO: COMPROBACIÓN DAS AXUDAS.....	19
DECIMOCUARTO: DEVOLUCIÓN OU REINTEGRO DAS AXUDAS: SUPOSTOS E CRITERIOS.....	19
DECIMOQUINTO: DEVOLUCIÓN OU REINTEGRO DAS AXUDAS: PROCEDEMENTO.....	20
DECIMOSEXTO: FACULTADES DO FONDO GALEGO.....	21
DECIMOSÉTIMO: PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.....	21
DECIMOITAVO: SUBMISIÓN EXPRESA.....	21

**PRELIMINAR.**

De acordo co previsto no artigo 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por regularse nestas bases achegas de diñeiro sen contraprestación por parte do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, entidade vencellada ás entidades locais galegas, serán de aplicación:

1) Os principios de xestión contidos no seu artigo 5.2, consonte co cal a xestión efectuarase baixo os seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE no artigo 2 dos seus estatutos e por medio das actividades previstas no artigo 3.1.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos.

2) Os principios de información aos cales fai referencia o seu artigo 16, consonte co cal o FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE deberá facilitar á consellería competente en materia de economía e facenda información sobre estas achegas nos termos previstos regulamentariamente.

3) A disposición adicional segunda, en canto ao pagamento anticipado da axuda concedida.

Ademais, as achegas gratuítas terán relación directa co obxecto da actividade contido nos estatutos do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

Para dar cumprimento a todo o anterior, o FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE ten acordado as normas de procedementos detalladas nestas bases, elaboradas en aplicación dos citados principios, e ao abeiro das cales se efectuará a concesión das axudas.

Así, en consecuencia:

1. O procedemento e, en particular, os efectos do outorgamento da axuda, extinción e, se fose o caso, devolución ou reintegro, rexeranse por estas bases e polas demais normas de dereito privado aplicables.
2. A presentación dunha solicitude de axuda supón a aceptación íntegra destas bases.

#### **PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA, ORZAMENTO MÁXIMO E PRAZO.**

- 1.1 Estas bases teñen como obxecto a regulación da concesión de axudas, por parte do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (en adiante Fondo Galego), a través dun procedemento de concorrencia competitiva para a execución de proxectos de desenvolvemento nos países do Sur Global.
- 1.2 O orzamento destinado á convocatoria será dun máximo de 100.000€.
- 1.3 O importe máximo da achega por proxecto será de 25.000€.
- 1.4 A axuda é compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- 1.5 A convocatoria abrirase do 15 de decembro de 2020 ao 31 de xaneiro de 2021, ambos inclusive.

#### **SEGUNDO: REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES.**

Poderán ser beneficiarias as ONGD contempladas no artigo 23.1.b da Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que cumpran as seguintes condicións:

- 2.1 Estaren legalmente constituídas e inscritas na Sección A do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia conforme ao artigo 4.1 do Decreto 29/2017, de 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- 2.2 Teren sede social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2.3 Acreditar experiencia mínima dun ano no sector de actuación do proxecto que se presenta.

2.4 Cumprir cos requisitos para obter a condición de beneficiaria contidos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **TERCEIRO: REQUISITOS DOS PROXECTOS.**

- 3.1 Que o prazo de execución dos proxectos sexa como máximo de 12 meses, sendo obrigatorio que a data de inicio sexa no ano 2021. Poderán presentarse aqueles proxectos que dean inicio a partir do 1 de xaneiro de 2021 (incluído) e ata un mes despois da resolución da presente convocatoria. Os proxectos presentados con data de inicio anterior ao 1 de xaneiro de 2021 serán desestimados, así coma aqueles que presenten unha data de inicio superior a un mes despois da resolución da convocatoria.
- 3.2 Que identifiquen os parceiros locais e que estes participen responsablemente na execución do proxecto e na xestión dos recursos, facendo constar expresamente a súa participación e o seu compromiso co proxecto. Non terán a consideración de parceiros locais as delegacións de entidades españolas iguais ou distintas da entidade solicitante, aínda que estean legalizadas no país de execución do proxecto.
- 3.3 Que as accións non teñan como obxectivo a substitución do Estado na prestación de servizos públicos de saúde, a educación regulada ou a investigación oficial.
- 3.4 Que os seus obxectivos estean centrados na procura dun desenvolvemento socioeconómico e culturalmente sostible, participativo, endógeno e que procure a transformación social das realidades dos países empobrecidos, fomentando a equidade de xénero, o respecto medioambiental e contribuíndo de xeito efectivo á consecución dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.
- 3.5 Que fomenten a participación da poboación beneficiaria no desenvolvemento do proxecto, sen ningún tipo de discriminación por razóns culturais, de raza, xénero, relixión e orientación sexual.
- 3.6 Que estean aliñados cos obxectivos de desenvolvemento do país nas que se leve a cabo.
- 3.7 Que se axusten á capacidade de xestión tanto da entidade solicitante como do parceiro local.
- 3.8 Quedan excluídas desta convocatoria as accións de axuda humanitaria e as de carácter asistencial que non poidan garantir a súa continuidade cando cese o financiamento externo.
- 3.9 Que se vinculen directamente coas prioridades transversais nomeadas no IV Plan da Cooperación Galega:
  - A erradicación da pobreza multidimensional.
  - A equidade de xénero.
  - A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.
  - O enfoque baseado en dereitos humanos.
  - O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.
  - A equidade e a loita contra as desigualdades.

- A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

3.10 Os proxectos deberán estar enmarcados nalgún dos seguintes países de execución:

- Aqueles sinalados como prioritarios segundo o [IV Plan Director da Cooperación Galega](#).
- [Países con IDH medio ou baixo](#).
- [Países Menos Adiantados \(PMA\)](#).

3.11 A cantidade máxima solicitada para financiamento será de 25.000€.

3.12 Que o orzamento se adecúe ao establecido nos capítulos sétimo e oitavo da presente convocatoria, relativos aos gastos do proxecto.

#### **CUARTO: PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

4.1 As propostas deberán recibirse electronicamente no enderezo [comunicacion@fondogalego.gal](mailto:comunicacion@fondogalego.gal) entre o 15 de decembro de 2020 e 31 de xaneiro de 2021. As propostas recibidas recibirán un email de confirmación. Este mesmo enderezo estará dispoñible para calquera consulta ou aclaración, así como o teléfono 698 144 536.

4.2 A presentación das propostas deberá realizarse obrigatoriamente segundo os modelos facilitados polo Fondo Galego, que poderán ser descargados a través da web [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal).

4.3 Cada entidade solicitante poderá presentar un único proxecto para financiamento.

4.4 O incumprimento dalgún ou varios dos requisitos mencionados nos puntos 3.1 ao 3.11 derivará na exclusión da valoración da proposta, sen posibilidade de emenda.

#### **QUINTO: DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA A TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES.**

5.1 Solicitud de financiamento para a proposta presentada, segundo o modelo establecido.

5.2 Documentación relativa á entidade solicitante:

- a) Copia do documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente da representante legal.
- b) Copia da tarxeta de identificación fiscal.
- c) Documentación acreditativa de que a entidade se atopa ao corrente das obrigas tributarias ou de calquera outra natureza, segundo o que dispoña a normativa vixente (certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia).
- d) Documentación acreditativa da representación legal da entidade: copia do documento en que se recolla o nomeamento da persoa que desempeña a representación legal.
- e) Declaración responsable da persoa que exerza a representación legal da entidade sobre:

- a. o compromiso de empregar o galego de maneira preferente en todas aquelas accións de difusión do proxecto en Galicia.
  - b. outras axudas solicitadas para o mesmo proxecto, indicando o nome da entidade, a cantidade solicitada e a concesión ou non de dita axuda.
  - c. non incorrer en ningún dos supostos previstos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - d. o compromiso de achegar a diferenza entre o custo total do proxecto e a axuda solicitada, ben directamente ou a través do financiamento de terceiros.
  - e. o cumprimento das normativas ambientais e de dereitos humanos no territorio español e nos países de intervención.
- f) Estratexia de cooperación da entidade na que se enmarca o proxecto presentado.
- g) As dúas últimas memorias anuais correspondentes ás actividades da entidade e, se só tivese un ano de antigüidade, a última memoria anual.

### 5.3 Documentación relativa ao parceiro local:

- a) Certificación relativa á personalidade xurídica da entidade e o seu domicilio social.
- b) Copia do documento ou certificación relativa á designación da persoa que exerce a representación legal da entidade.
- c) Copia do número de identificación fiscal ou acreditación da súa constitución legal segundo a normativa propia do país.
- d) Copia dos estatutos.
- e) Declaración da persoa que desempeña a representación legal da entidade relativa á vontade de participar no proxecto.
- f) Declaración de apoio do municipio ou goberno rexional (se o houber) e das asociacións do grupo beneficiario, se as houbese, na que reflectan o seu apoio ao proxecto para o que se solicita financiamento.
- g) Listado dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento nos que ten participado, indicando a anualidade, o financiamento externo e a entidade socia.
- h) Estratexia de cooperación da entidade na que se enmarca o proxecto presentado.
- i) Se o parceiro local fose unha administración ou entidade pública, deberá achegar:
  - Carta de compromiso de participar no proxecto.

- Copia do documento ou cédula de identidade da persoa que exerce a representación legal da entidade.
- Copia do documento ou certificación relativa á designación da persoa que exerce a representación legal da entidade.
- Estratexia ou política pública na que se enmarca o proxecto presentado.
- Relación dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento nos que teña participado.

5.4 Documentos de formulación técnico e económico segundo os modelos establecidos. Ditos formularios poderán ser descargados da páxina web do Fondo Galego [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal).

5.5 A falta de documentación e/ou información sobre a entidade solicitante, parceiro local ou formulación do proxecto impedirán a avaliación da proposta. Neste caso, o Fondo Galego solicitará a emenda no prazo de 10 días naturais a contar desde o día seguinte da recepción da solicitude. En casos excepcionais derivados de contextos de crise, a falta debidamente xustificada de parte da documentación obrigatoria non impedirá a avaliación do proxecto sempre que se comunique con anticipación e se obteña o visto bo do Fondo Galego de forma previa á presentación do propio proxecto.

5.6 Quedan excluídos da posibilidade de emenda os documentos de formulación técnico e económico establecidos polo Fondo Galego.

5.7 O documento de formulación técnica e económica, así como a documentación da entidade solicitante, deberán presentarse en lingua galega ou castelá. A documentación relativa ao parceiro local e os anexos ao documento de formulación poderán presentarse en lingua galega, castelá, portuguesa ou inglesa. Para aqueles proxectos a executar nun país de fala distinta deberase achegar a tradución a calquera destas linguas.

## **SEXTO: CONDICIÓNS DE COFINANCIAMENTO E PAGO ANTICIPADO.**

6.1 O Fondo Galego asumirá, como máximo, o 95% do custo total do proxecto, que deberá ser completado coa achega do 5% restante, como mínimo, da entidade solicitante, o parceiro local e/ou a poboación beneficiaria, entidades privadas ou outras administracións públicas. Dita achega poderá ser total ou parcialmente valorizada. A achega do Fondo Galego non superará en ningún caso o máximo de 25.000€ por proxecto.

6.2 Co obxectivo de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión destas achegas, e a solicitude da beneficiaria efectuada en calquera momento posterior ao mes seguinte ao da resolución, poderá facerse o pagamento anticipado de ata o 100% da achega concedida, sen a obriga de presentar garantías, considerando que a natureza dos proxectos e características das destinatarias o requiren, se a entidade beneficiaria así o solicitase, de acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coa finalidade última de poder afrontar os pagos inmediatos que conleve a execución dos proxectos.

6.3 Para o caso de non solicitarse o pagamento anticipado, o pagamento ordinario efectuarase unha vez xustificada a axuda nos prazos e termos previstos pola base décima.

## **SÉTIMO: GASTOS FINANCIABLES.**

### **7.1 NORMAS XERAIS.**

7.1.1 Todos os proxectos presentados deberán ter en conta o establecido no presente artigo.

7.1.2 Son financiáveis tanto os custes directos como indirectos, debendo terse en conta que, consonte cos principios que dimanan do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

7.1.2.1 Considéranse gastos financiáveis aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade financiada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras das axudas.

7.1.2.2 Para ningún caso o custo de adquisición dos gastos financiáveis poderá ser superior ao valor de mercado.

7.1.2.3 Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado por estas bases.

7.1.2.4 Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto financiado e os de administración específicos son financiáveis se están directamente relacionados coa actividade financiada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta.

### **7.2 CUSTOS DIRECTOS.**

Enténdense por custos directos aqueles que son imprescindibles para a execución do proxecto, tales como:

- a) Terreos e inmobles: inclúe compra ou aluguer de inmobles e terreos no país de execución. No caso de compra, deberá especificarse o réxime de propiedade e titularidade. A propietaria deberá destinar os bens inmobles adquiridos ao fin concreto para o que se concedeu a axuda durante cando menos cinco anos e facelo constar na inscrición no rexistro público correspondente, se tivese acceso ao citado rexistro.

Non se imputarán nesta partida gastos de aluguer ou compra de vivenda do persoal expatriado nin dos locais ou sedes da entidade do norte ou do parceiro local.

- b) Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas: inclúe elaboración do proxecto, planos e estudos técnicos, man de obra, dirección de obra, licenza de obras e taxas, materiais de construción, transporte dos citados materiais, instalación de auga, electrificación, saneamento, outros sistemas de abastecemento de auga, etc. Só se aceptará a valoración da man da obra ofrecida polo parceiro local ou a poboación beneficiaria de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local. No caso de

nova construción, deberá especificarse o réxime de propiedade e titularidade. A propietaria deberá destinar os bens inmobles adquiridos ao fin concreto para o que se concedeu a axuda durante cando menos cinco anos e facelo constar na inscrición no rexistro público correspondente, se tivese acceso ao citado rexistro.

Non se imputarán os gastos por reformas ou reparacións na vivenda do persoal expatriado nin en locais ou sedes da entidade beneficiaria ou parceiro local.

De contemplarse a construción ou compra de infraestruturas comunitarias (educativas, sanitarias, sociais, etc.) a propiedade quedará preferentemente en mans de institucións públicas ou da comunidade, debéndose facer responsables da súa utilización segundo os fins para os que foi construída/adquirida. Haberá que acreditar esta cesión a través de escritura pública. Nos contextos nos que se acredite que non é viable ter unha escritura pública nos prazos establecidos, poderase acreditar a cesión mediante un certificado, asinado polas autoridades correspondentes e a ONGD, que acredite dita cesión e as condicións da mesma. A propietaria deberá destinar os bens inmobles adquiridos ao fin concreto para o que se concedeu a axuda durante cando menos cinco anos e facelo constar na inscrición no rexistro público correspondente, se tivese acceso ao citado rexistro.

- c) Equipos e materiais consumibles: Considérase equipamento a adquisición de elementos de inmovilizado, distintos a terreos e edificacións, afectos á actividade financiada, como maquinaria, mobiliario, equipamentos informáticos e outro tipo de equipamento, gastos derivados do envío dos equipamentos, taxas aduaneiras ou portuarias, animais, sementes, transporte dos equipamentos, almacenamento, etc. No caso de proxectos produtivos, inclúese a adquisición de animais, árbores, plantas e sementes, así como o seu transporte e almacenamento.

Considéranse materias consumibles aqueles que se consomen ou usan en prazos inferiores a un ano: material de escritorio, materiais de formación, utensilios, reparación e mantemento de maquinaria, imprenta, aluguer de maquinaria e ferramentas para a execución do proxecto.

- d) Adquisición de vehículos de dúas rodas e vehículos especializados e vinculados coa actividade financiada: ambulancias, cisternas de auga, tractores, etc.
- e) Persoal. Serán financiados os gastos relativos ao persoal en sede, persoal local e persoal expatriado. Son financiáveis os salarios, seguros sociais, quitanzas (en proporción aos meses de imputación ao proxecto), calquera outro seguro que se subscriba a nome do persoal ou da súa familia en primeiro grao e as pagas extraordinarias, en proporción aos meses que o persoal está imputado ao proxecto.

Enténdese como persoal en sede o persoal da entidade galega que presta os seus servizos exclusivamente dende Galicia e que as súas funcións e tarefas están vinculadas ao proxecto para o que se solicita a financiamento. A imputación poderá ser total ou parcial, mais en todo caso proporcional en función da dedicación.



Enténdese por persoal local aquel persoal do parceiro local ou contratado ao servizo do proxecto sometido á lexislación laboral do país no que se executa o proxecto. As súas funcións deberán estar directamente vinculadas á execución do proxecto. Deberá acreditarse documentalmente o salario medio para este tipo de contrato do país ou zona onde se execute o proxecto. O Fondo Galego insta a que a entidade solicitante recorra na medida do posible aos recursos humanos locais.

Enténdese por persoal expatriado aquel persoal da entidade galega sometido a lexislación española que presta os seus servizos no país onde se executa o proxecto e que ten funcións directamente ligadas co mesmo. Para a financiación dos gastos de persoal expatriado aportarase unha memoria xustificativa desa necesidade e marcaranse os criterios de aptitude e cualificación requiridos para a correcta realización da acción, a duración e a descrición das tarefas a realizar. Non achegar dita memoria xustificativa no momento de presentación da solicitude de financiación conlevará a invalidez de dita partida orzamentaria e, en consecuencia, a exclusión da valoración da proposta, sen posibilidade de emenda.

O importe máximo aplicado a este concepto non poderá superar o 70% do importe total do proxecto.

Para o caso de estar a persoa dentro do ámbito de aplicación fiado polo Real Decreto 519/2006, de 28 de abril, polo que se establece o Estatuto dos cooperantes, toda a xustificación relacionada co persoal deberá acreditar que se cumpriron os requisitos previstos polo mesmo, en particular a acreditación da relación xurídica, documentación do contrato e acreditación do cumprimento de todos e cada un dos dereitos recoñecidos polo artigo 10 e a garantía de aseguramento co réxime público de protección social que corresponda conforme á disposición adicional primeira.

- f) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, control de xestión, etc. (excepto para a elaboración da identificación e liña de base, que non son gastos financiábles por esta convocatoria).

Serán aceptadas, como achega da entidade solicitante, as achegas valorizadas do seu persoal voluntario para a realización dos servizos técnicos previstos.

Inclúense nesta partida os gastos derivados de pólizas de seguros de accidentes, enfermidade e responsabilidade civil.

- g) Funcionamento no terreo: gastos correntes de funcionamento no país de execución e ligados ao proxecto. Pertencen a esta partida gastos relativos a electricidade, auga, aluguer de oficinas, comunicacións, papelería, mantemento, limpeza e seguridade, ata un máximo do 4% sobre o orzamento total.
- h) Viaxes, aloxamento e dietas. Inclúense os gastos vinculados á mobilidade do persoal local, expatriado e en sede, así como das persoas beneficiarias e do voluntariado cando sexa necesario para a correcta execución do proxecto. Inclúense nesta partida gastos de combustible, seguros e mantemento de vehículos, gastos de aloxamento e alimentación

vinculados directamente coas actividades do proxecto e identificados na formulación do mesmo.

- i) Fondo rotatorio: cantidade económica que se emprega como empréstimos directos ou en especie ás persoas beneficiarias e que deben ser devoltos nas condicións contractuais que se establezan. Axuntarase o regulamento do funcionamento do fondo rotatorio. Inclúense gastos de funcionamento, administración e xestión do fondo. Os custos desta partida non poderán ser superiores ao 9% do custe total do proxecto.
- j) Gastos bancarios producidos pola conta do proxecto, os gastos bancarios derivados das transferencias de fondos ao país de execución, os gastos rexistrais e periciais para a realización do proxecto, así como os gastos derivados da tradución e compulsa de documentos directamente vinculados ao proxecto.

### 7.3 CUSTOS DIRECTOS: VALORIZACIÓNS.

7.3.1 Serán aceptadas, por parte da entidade solicitante, as achegas en especie ou as valorizacións nos seguintes conceptos:

- Persoal voluntario: deberase presentar unha estimación xustificada das horas de traballo voluntario que se achegan en cada actividade e o custo (ata un máximo imputable de 20 euros por hora). Todo traballo voluntario realizarase baixo a forma de contrato privado, no cal se especifiquen as responsabilidades (deberes e dereitos) de cada unha das partes, destacando o papel da persoa voluntaria no proxecto. A entidade deberá achegar toda canta documentación acredite o cumprimento íntegro de todas e cada unha das obrigas do artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria e, se non fose aplicable, do artigo 14.2 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, e en calquera de ambos os dous casos, o cumprimento íntegro de todas as obrigas en materia de voluntariado no país onde se desenvolva o proxecto, para o caso de que a persoa voluntaria estea dentro do ámbito de aplicación da citada normativa estranxeira.

7.3.2 Serán aceptadas as achegas locais como valorizacións, sempre que sexan suficientemente acreditadas e estean vinculadas de maneira exclusiva e proporcional ao proxecto:

- Locais, terreos, equipamentos, materiais e servizos prestados desde a comunidade beneficiaria, o socio local ou outra entidade local distinta destas. Serán valorados por tempo de uso e período legal de amortización segundo corresponda.
- Man de obra de parte da poboación beneficiaria nas actividades contempladas polo proxecto. Valorarase en función do salario base do país de execución.
- Equipamentos, terreos ou locais no caso de que vaian ser transferidos á poboación beneficiaria ao finalizar o proxecto. Serán valorados por tempo de uso e período legal de amortización segundo corresponda.
- Bens ou locais postos temporalmente a disposición da execución directa do proxecto por un importe equivalente ao aluguer destes durante o tempo que sexan utilizados dentro do

prazo de execución.

- Persoal voluntario do socio local a disposición da execución directa do proxecto, durante o tempo de execución.

7.3.3 As valorizacións poderán acreditarse cun certificado do parceiro local, da poboación beneficiaria, da entidade solicitante ou daquela entidade que preste os bens ou servizos. Deberán describirse en dito certificado o importe da achega, con indicación do número de unidades, horas de traballo, prezos unitarios e a valoración total.

7.3.4 As valorizacións poderán imputarse á actividade financiada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales valorizacións se correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

#### 7.4 CUSTOS INDIRECTOS.

Enténdese por custos indirectos do proxecto os gastos propios da entidade solicitante ou do seu parceiro local para o sostemento da execución e do seguimento do proxecto en Galicia, así como da difusión do proxecto en Galicia. Non poderá imputarse nesta partida gastos de persoal. A porcentaxe máxima aplicable a este concepto non debe superar o 10% sobre o custe total do proxecto. O devandito gasto imputarase dentro do período de execución da intervención e será acreditado ante o Fondo Galego pola entidade solicitante mediante unha certificación desagregada e detallada dos gastos incluídos e asinada pola persoa que desempeñe a representación legal.

Os custos indirectos poderán imputarse á actividade financiada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

#### **OITAVO: GASTOS NON FINANCIABLES.**

- Gastos derivados da identificación.
- Vehículos de transporte, salvo os incluídos no apartado 7.2 d).
- Os gastos de aluguer ou adquisición da vivenda do persoal expatriado.
- Avaliación externa.
- Auditoría contable.
- Xuros debedores de contas bancarias.
- Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, agasallos, etc.).
- Billetes de avión en primeira ou en clase preferente.
- Indemnizacións por despedimento do persoal ou pagamentos en situacións de incapacidade transitoria (baixa) ou permanente (incapacidade, sexa total ou absoluta).
- Amortizacións de bens inventariables.

## **NOVENO: OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA.**

### 9.1 OBRIGAS XERAIS.

Son obrigas da beneficiaria:

- a) **Cumprir** o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
- b) **Xustificar** ante o Fondo Galego o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da axuda.
- c) **Someterse ás actuacións de comprobación**, que efectuará o Fondo Galego ou quen este designe, para o que se achegará canta información e documentación lle sexa requirida.
- d) **Comunicarlle** ao Fondo Galego a **obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos** que financien as actividades obxecto da axuda, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da axuda. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) **Acreditar** con anterioridade a que se dite a proposta de resolución **estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas** tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin do Estado.
- f) **Dispoñer dos libros** contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixibles, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) **Adoptar as medidas de difusión** fixadas nestas bases.
- i) **Proceder ao reintegro dos fondos percibidos** nos supostos previstos nestas bases.
- j) **Cumprir** coas obrigas específicas derivadas da **normativa de branqueo de capitais e prevención do terrorismo**.

### 9.2 OBRIGAS ESPECÍFICAS.

9.3 A entidade beneficiaria deberá responsabilizarse do correcto uso do financiamento que se conceda, de xeito que, en ningún caso, poderá desviarse a outra finalidade. Considéranse vinculantes o orzamento e a información presentada nos documentos de formulación do proxecto.

- 9.4 A entidade será a responsable da execución do proxecto financiado e de garantir o seu seguimento e control, sendo a última responsable de xustificar perante o Fondo Galego o proxecto desenvolvido.
- 9.5 A entidade beneficiaria enviará ao Fondo Galego, a través do correo electrónico, e con carácter mensual, a contar dende a data de inicio do proxecto, unha ficha resumo de seguimento das actividades previstas, segundo o modelo establecido, fotografías do avance do proxecto, ou calquera outra información relacionada que poida axudar a dar visibilidade ao proxecto e contexto no país de execución. Esta información será empregada para difundir o proxecto entre as entidades socias do Fondo Galego.
- 9.6 Incluirase o logotipo do Fondo Galego en carteis e todo aquel material utilizado para a difusión, documentación ou publicación do proxecto.
- 9.7 O Fondo Galego reservase o dereito de levar a cabo unha misión de seguimento e avaliación sobre o terreo en calquera fase da execución do proxecto, os custos da cal serán asumidos polo propio Fondo Galego.
- 9.8 A entidade solicitante comprométese facer difusión do proxecto en Galicia empregando a lingua galega, calquera que sexa o soporte, facendo mención ao financiamento do Fondo Galego.
- 9.9 As entidades que resulten beneficiarias deberán comprometerse a planificar e executar unha actividade de sensibilización en torno ao proxecto para ser desenvolvida en unha ou varias administracións locais socias do Fondo Galego ao longo de 2021. Para dita actividade o Fondo Galego dispoñerá de financiamento específico que será outorgado a través dun convenio de colaboración. A natureza da actividade e prazos concretos de execución serán acordados entre as partes.
- 9.10 Calquera cambio substancial que se produza no proxecto, antes ou despois de terse iniciado a súa execución, solicitarase por escrito ao Fondo Galego, ao enderezo [info@fondogalego.gal](mailto:info@fondogalego.gal), quen responderá de igual maneira para comunicar a súa aprobación ou denegación. Enténdese por modificación substancial aquela que afecta aos obxectivos formulados ao inicio do proxecto, a variación total nas partidas orzamentarias de máis dun 20% do orzamento aprobado e modificacións no tempo de execución. Esta solicitude de readaptación será sometida a unha nova análise para os efectos de comprobar, ademais dos elementos indicados, que non afecte á orde de prelación dos proxectos subvencionados. O Fondo Galego deberá pronunciarse no prazo máximo dun mes sobre a aceptación ou denegación das modificacións.
- 9.11 Despois de terse iniciado a execución:
- a) As prórrogas de execución por un período igual ou inferior a tres meses serán concedidas automaticamente, sen necesidade de autorización previa por parte do Fondo Galego. A entidade beneficiaria ten a obriga de comunicalo previamente antes de que expire o prazo de execución inicial. As prórrogas superiores a tres meses precisan a autorización previa do Fondo Galego.

b) Excepcionalmente poderá solicitarse unha segunda ampliación de prazo de execución antes de expirar a primeira, fundamentada en situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, incluíndo en particular as derivadas da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que afecten de maneira directa a execución da actividade financiada, que deberán acreditarse de forma fidedigna e sempre que non concorran circunstancias imputables ao beneficiario. Nesta segunda ampliación excepcional, o novo prazo outorgarase polo tempo indispensable para facilitar que o beneficiario supere as devanditas circunstancias ou continxencias. No caso de que a situación excepcional impida continuar coa execución da actividade financiada, poderase solicitar unha modificación dos obxectivos formulados ao inicio do proxecto, das partidas orzamentarias cun límite mínimo do 20% do orzamento ou do tempo de execución. O Fondo Galego resolverá en función das circunstancias concretas alegadas e documentadas.

#### **DÉCIMO: SOBRE A XUSTIFICACIÓN.**

- 10.1 O prazo para a presentación do informe de xustificación das propostas financiadas será de tres meses a contar desde a data de finalización do proxecto, tendo como referencia a indicada no documento de formulación. A beneficiaria poderá por unha única vez solicitar unha prórroga por un período máximo de tres meses máis, ou excepcionalmente por un período máximo de seis meses máis, por medio de solicitude motivada da entidade beneficiaria efectuada en todo caso dentro do período ordinario dos tres primeiros meses a contar dende a data de finalización do proxecto. A solicitude non vinculará ao Fondo Galego, que avaliará libremente as circunstancias alegadas e acreditadas e decidirá de maneira individualizada, motivada e expresa autorizando ou denegando a prórroga.
- 10.2 Para a presentación do informe de xustificación deberán empregarse os modelos establecidos polo Fondo Galego, que poderán ser descargados na páxina web [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal).
- 10.3 O informe de xustificación deberá achegarse electronicamente ao seguinte enderezo [info@fondogalego.gal](mailto:info@fondogalego.gal). Informarase do acuse de recibo a través de un email de confirmación.
- 10.4 A xustificación dos proxectos realizarase sobre o custo total, incluíndo, de ser o caso, as cantidades xeradas polo cambio no mercado monetario e os xuros bancarios.
- 10.5 O informe de xustificación constará dos seguintes documentos:
- a) Certificación da persoa que desempeñe o papel de representante legal da entidade solicitante acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos aos fins previstos, asinada dixitalmente.
  - b) Informe de xustificación técnico asinado dixitalmente.

- c) Certificado de gastos polo importe total do proxecto, distribuído por partidas orzamentarias e no que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinado dixitalmente.
- d) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, número da factura, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento, descrición do gasto, o seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros, asinada dixitalmente.
- e) Facturas ou documentos xustificativos dos gastos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento. Nos orixinais das facturas ou documentos xustificativos do gasto é obrigatoria a impresión dun selo dilixencia no que figure o ano da convocatoria e a lenda “Proxecto financiado polo Fondo Galego”. Non se aceptarán pagos en efectivo por un importe igual ou superior a mil euros (1.000,00 €).
- f) Certificados, cando sexa o caso, das achegas valorizadas ao proxecto de parte da entidade solicitante, do parceiro local, da comunidade beneficiaria ou outras entidades locais que participen no mesmo coa cesión de bens, materiais ou servizos.
- g) Documentos acreditativos das transferencias realizadas desde a entidade solicitante ao parceiro local para a execución do proxecto.

10.6 As facturas, certificados de valorizacións e as fontes de verificación deberán presentarse en lingua galega, castelá, portuguesa ou inglesa. No caso de que o proxecto aprobado sexa executado nun país ou zona con lingua distinta a estas, deberase proceder á tradución destes documentos a algunha destas linguas.

10.7 De xeito excepcional, e con base no previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 23 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, para aqueles proxectos que vexan afectada a súa actuación por contextos sobrevidos de desastres naturais, conflito armado ou crises humanitarias que dificulten ou mesmo imposibiliten dispor da adecuada documentación soporte xustificativa do gasto, poderase aplicar o procedemento extraordinario, previa autorización por parte do Fondo Galego, consistente na entrega dunha declaración responsable da entidade beneficiaria da financiación, en que se certifique o envío dos fondos e a realización do proxecto, sen que sexa preciso achegar máis xustificantes.

- c) O mesmo procedemento extraordinario poderá aplicarse para o caso de situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, incluíndo en particular as derivadas da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que afecten de maneira directa á xustificación da actividade financiada, que deberán acreditarse de forma fidedigna e sempre que non concorran circunstancias imputables ao beneficiario. Este procedemento extraordinario iniciarase de oficio ou a

solicitude motivada da beneficiaria. O Fondo Galego resolverao en función das circunstancias concretas alegadas e documentadas.

- 10.8 Cando o proxecto, ademais de contar co financiamento do Fondo Galego, conte con achegas de administracións públicas ou entidades privadas, a entidade beneficiaria deberá xustificar o importe, procedencia e aplicación do gasto financiado, ademais das achegas propias e de terceiros financiadores. Con respecto ao resto de achegas provenientes de terceiros financiadores, estas poderán acreditarse mediante certificacións emitidas por ditas administracións ou entidades privadas.
- 10.9 No caso de adquisición de bens inmobles deberá achegarse un certificado do taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial.
- 10.10 No suposto de custo de subministracións ou bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de asistencia técnica por un importe igual ou superior aos 10.000€, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación ou compra, salvo que polas especiais características dos gastos financiáveis non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase previo á solicitude da financiamento. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- 10.11 A entidade beneficiaria deberá conservar para efectos da xustificación e comprobación desta axuda os comprobantes dos gastos durante un período de 5 anos a contar desde a data de presentación da xustificación do proxecto, sen prexuízo doutros prazos e obrigas de conservación específicas que se puidesen derivar da normativa administrativa, civil, laboral, fiscal, de prevención de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo ou outras que procedan.
- 10.12 No caso de que a entidade beneficiaria non realice unha xustificación económica ou técnica clara, suficiente e seguindo as directrices marcadas por esta convocatoria, dispoñerá de 45 días hábiles para presentar as subsanacións correspondentes. Este prazo poderá ampliarse, xustificado en circunstancias extraordinarias, sempre e cando se comunique con anterioridade ao seu vencemento e se obteña o beneplácito do Fondo Galego.
- 10.13 De acordo co artigo 14.1, letra n), da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que haberá que reintegrar por posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das axudas determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación:
- a) O incumprimento total das obrigas e os fins para os que se outorgou a axuda e o incumprimento total das obrigas de xustificación dará lugar ao reintegro da totalidade da cantidade concedida.
  - b) A cantidade para reembolsar no caso de incumprimento parcial na execución das accións ou gastos e no caso de incumprimento parcial na xustificación será determinada de acordo ao criterio de proporcionalidade.



## **UNDÉCIMO: CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN DA SUBVENCIÓN E A SÚA PONDERACIÓN.**

Serán avaliadas aquelas propostas que cumpran cos requisitos expostos nas presentes bases segundo os seguintes criterios:

### **11.1 Sobre a entidade solicitante: ata 20 puntos**

- Presenza real en Galicia (número de persoas socias e voluntarias en Galicia, pertenza a redes e espazos de coordinación, e persoal contratado pola entidade en Galicia no momento de presentar a solicitude). Máximo 5 puntos.
- Experiencia en accións de cooperación ao desenvolvemento. Máximo 9 puntos.
- Capacidade de execución do proxecto pola entidade. Máximo 3 puntos.
- Achega valorizada ou financeira ao proxecto. Esta deberá ser dun mínimo dun 5% para ser puntuada. Máximo 3 puntos.

### **11.2 Sobre o parceiro local: ata 20 puntos.**

- Experiencia en xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Máximo 9 puntos.
- Capacidade de execución do proxecto polo parceiro local. Máximo 4 puntos.
- Reforzo da cooperación municipalista (o parceiro local é un municipio, asociación de municipios, ou administración local existente). Máximo 4 puntos.
- Achega valorizada ou financeira do parceiro local ao proxecto. Esta deberá ser dun mínimo dun 5% para ser puntuada. Máximo: 3 puntos.

### **11.3 Sobre o proxecto: ata 60 puntos.**

- Entrega da proposta en lingua galega: 1 punto.
- Área xeográfica: Máximo 6 puntos.
  - Aqueles sinalados como prioritarios segundo o IV Plan Director da Cooperación Galega. Máximo 4 puntos para os países de lingua castelá e 6 puntos para os Países de Lingua Oficial Portuguesa (PALOP).
  - Países IDH medio ou baixo. Máximo 6 puntos para os PALOP e 3 para os restantes.
  - Países Menos Adiantados (PMA). Máximo 6 puntos para os PALOP e 5 para os restantes.
- Pertinencia do proxecto con atención ao país e zona concreta no que se vai desenvolver, ao contexto, ás características que lle son propias ao colectivo beneficiario, aos antecedentes e á xustificación da proposta: Máximo 6 puntos.

- Coherencia dos obxectivos e resultados coas accións propostas e coa problemática presentada: Máximo 6 puntos.
- Poboación beneficiaria: suficientemente contextualizada con indicación dos criterios de selección. Fomento da participación das mulleres e de grupos de maior vulnerabilidade. Máximo 5 puntos.
- Descrición das accións que se van a desenvolver, metodoloxías empregadas para fomentar a participación, a apropiación, o empoderamento e o fortalecemento. Máximo ata 5 puntos.
- Integración coas políticas públicas locais e sinerxías do proxecto en terreo. Máximo 6 puntos.
- Viabilidade e sustentabilidade do proxecto: Máximo 5 puntos
- Aplicación do enfoque de xénero. Máximo 5 puntos.
- Aplicación do enfoque medioambiental. Máximo 5 puntos.
- Adecuación ao IV Plan da Cooperación Galega e aos ODS e as súas metas. Máximo 5 puntos.
- Formas de seguimento, control e avaliación previstos para o proxecto. Máximo 4 puntos.
- Difusión do proxecto en Galicia. Máximo: 1 punto.

A puntuación que poderá acadar un proxecto é, como máximo, de 100 puntos.

Para que un proxecto sexa financiado deberá acadar un mínimo do 50% na avaliación de cada un dos puntos 11.1, 11.2 e 11.3.

Unha vez superada a fase de avaliación, establecerase unha listaxe coas puntuacións obtidas en orde descendente para cada un dos proxectos presentados:

- Financiamento completo: serán financiados co cen por cen (100 %) da cantidade solicitada por orde de puntuación todos os proxectos ata esgotar o orzamento máximo de 100.000,00 € indicado na base 1.2.
- Financiamento parcial co remanente orzamentario: se logo do último proxecto financiado co cen por cen (100%) da cantidade solicitada, por orde de puntuación, houberse remanente orzamentario, o Fondo Galego decidirá:
  - ou ben destinar ese remanente a futuras convocatorias
  - ou ben propoñer, tamén por orde de puntuación, a posibilidade dunha reformulación parcial do proxecto, axustado ao importe do citado remanente, se o

proxecto non quedase desnaturalizado e puidese seguir cumprindo os seus obxectivos.

#### **DUODÉCIMO: AVALIACIÓN, RESOLUCIÓN, PUBLICACIÓN E ACEPTACIÓN.**

- 12.1 Os proxectos serán avaliados por unha Comisión Técnica, constituída ao efecto por representantes de diferentes deputacións e/ou concellos socios da entidade e mais por persoal técnico do Fondo Galego. A Comisión Técnica será a encargada de elevar á Comisión Executiva do Fondo Galego a proposta de resolución, en base aos criterios establecidos na convocatoria. Posteriormente, a Comisión Executiva elevará á Asemblea Xeral de entidades socias a proposta de resolución para proceder esta á súa aprobación ou modificación.
- 12.2 A resolución será publicada na páxina web do Fondo Galego, [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal), xunto coas puntuacións de todas as propostas recibidas que tivesen cumprido os requisitos do artigo 3º destas bases.
- 12.3 Unha vez aprobada a resolución pola Asemblea Xeral do Fondo Galego, a entidade deberá aceptar expresamente a axuda e acreditar o cumprimento das condicións establecidas nestas bases no prazo de 10 días hábiles a contar dende que a entidade solicitante reciba a comunicación de concesión da axuda.

#### **DECIMOTERCEIRO: COMPROBACIÓN DAS AXUDAS.**

O Fondo Galego comprobará a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención, mesmo o valor de mercado dos gastos financiados por un ou varios dos medios previstos polo artigo 30 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DECIMOCUARTO: DEVOLUCIÓN OU REINTEGRO DAS AXUDAS: SUPOSTOS E CRITERIOS.**

- 14.1 Procederá a devolución ou reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:
- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou agochando aquelas que o impedisen.
  - b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto que fundamenta a concesión da axuda.
  - c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, nos termos establecidos nestas bases.
  - d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas nestas bases.
  - e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nestas bases, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a

realidade e regularidade das actividades financiadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- f) Incumprimento das obrigas impostas nestas bases ás beneficiarias, así como dos compromisos asumidos por estas por mor da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos ou se executa o proxecto que fundamenta a concesión da axuda, ou cando sexa imposible verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades financiadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

14.2 Así e todo, cando o cumprimento se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e a beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios:

- Grao de cumprimento do proxecto.
- Cantidade e porcentaxe de desviación con respecto á solicitada.
- Grao de culpabilidade ou existencia de intencionalidade.
- Importe e natureza dos danos e perdas causados.
- Reincidencia, por comisión no termo de cinco anos de máis dun incumprimento da mesma ou similar natureza.

14.3 Tamén procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade financiada, cos seus xuros de demora correspondentes, cando se dese esa circunstancia de sobrefinanciamento, superior aos custos reais xustificados e aceptados.

14.4 Os xuros aplicables serán os xuros legais vixentes en cada momento.

#### **DECIMOQUINTO: DEVOLUCIÓN OU REINTEGRO DAS AXUDAS: PROCEDEMENTO.**

15.1 A Comisión Executiva do Fondo Galego será órgano o competente para esixir da beneficiaria a devolución ou reintegro das axudas cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de devolución ou reintegro de cantidades percibidas previstas na base anterior.

15.2 O Fondo Galego notificará á beneficiaria as circunstancias que motivan a existencia de causa devolución ou reintegro e mais a súa contía exacta, especificando principal e xuros:

- Para o caso de conformidade total, a beneficiaria poderá pagar só o principal e a metade dos xuros indicados, e unha vez verificado o pago poderá volver a presentarse a sucesivas

convocatorias de axudas do Fondo Galego.

- Para o caso de disconformidade total ou parcial, o Fondo Galego esixirá xudicialmente as cantidades adebedadas e prohibirá á entidade volver presentarse a sucesivas convocatorias de axudas do Fondo Galego en tanto non estean totalmente satisfeitas as cantidades indicadas.

#### **DECIMOSEXTO: FACULTADES DO FONDO GALEGO.**

O Fondo Galego ten a prerrogativa de interpretar estas bases, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalas por razóns de forza maior, inspeccionar as actividades nos termos e cos límites establecidos nestas bases e declarar resolta a relación xurídica derivada da axuda solicitada ou outorgada por estas bases, e determinar os seus efectos, sen prexuízo das accións que correspondan ás beneficiarias para o caso de desacordo.

#### **DECIMOSÉTIMO: PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Fondo Galego, coa finalidade de xestionar a tramitación da axuda. As bases xurídicas do tratamento son o cumprimento de obriga legal derivada da normativa de subvencións, a obriga contractual contraída con cada solicitante e o interese lexítimo do Fondo Galego. Os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, e á consellería competente en materia de economía e facenda. Os datos conservaranse polo período legal esixido polas normativas laboral, fiscal e civil. Ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, Rúa Varsovia, 4C - 6º andar (Área Central), CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña). A autoridade de control competente é a Axencia Española de Protección de Datos.

#### **DECIMOITAVO: SUBMISIÓN EXPRESA.**

Calquera cuestión litixiosa quedará sometida á xurisdición dos xulgados e tribunais do partido xudicial de Santiago de Compostela (A Coruña), con renuncia ao foro que no seu caso corresponda ás partes.